

VIERNES, 24 de junio de 2011

REPORTAJE: LUCES

A poesía de Méndez Ferrín pousa no castelán

Calambur edita nun volume cinco libros do presidente da Academia

EL PAÍS | 24 JUN 2011

Escribo Antonio Gamoneda, premio Cervantes e amigo de vello do autor de *Contra maqueiro*: "Hace cerca de medio siglo, cuando yo era, al parecer un mozo (decían, incluso, que era un poeta joven), tú, lo quieras o no lo quieras, escasamente pasabas de chiquillo y, por alguna disparatada causa, ya estabas hecho un poeta entero y grande". É un fragmento do pórtico da *Poesía fundamental*, o volume que xunta os cinco libros da produción poética de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), tres deles por primeira vez en castelán. Só faltan os materiais espallados de *Era na selva de Esm*.

"Non sei se os tradutores deben falar moito", comeza o poeta e ensaísta Manuel Outeiriño, canda a xornalista leonesa Eloísa Otero responsábel da versión bilingüe e anotada que publica Calambur, "con todo, o mellor desta edición é poder ler *Estirpe* cunhas notas que explican o que aconteceu en 1936 no Cambedo, ou cal foi a importancia real de *Prisciliano*". Os poemas de Ferrín comparecen en castelán acompañados dun aparello de glosa que esmiúza as múltiples referencias literarias, históricas, á propia mitoloxía persoal do autor ou políticas que inzan os textos e contribúen a diagramar o que o propio Gamoneda denomina, con certa agudeza, "materialismo histórico-visionario" do poeta. "Visiones que eran, de paso, verdades como puños", engade.

"Ferrín decidiu que aínda era novo para a 'obra completa", sinala o cotradutor

A tradutora compara 'Con pólvora...' e 'Descripción de la mentira'

Na *Poesía fundamental* está o corpo central dos versos ferrinianos. Da xa instituída pedra fundacional da poesía contemporánea *Con pólvora e magnolias* (orixinal de 1976) a *Contra maqueiro* (2005), que viu a luz exento e en castelán en La Habana, coa intercesión do editor Constantino Bértolo, vai para tres anos. A *Poesía enteira* de Heriberto Bens (1980) -o heterónimo predilecto, e contundentemente combativo, do escritor-, *O fin dun canto* (1982) e *Estirpe* (1994) completan a tradución. "A pouco que fedellásemos, podíamos xuntar algúns textos menos coñecidos e agochados en publicacións colectivos e elaborar unha poesía completa", sinala divertido Outeiriño,

"pero Ferrín decidiu que aínda era novo de máis para ter unha obra completa. E a nós pareceunos ben, claro".

"Este libro é unha historia de amizades", afirma, dende León, Eloísa Otero. Do seu empeño de traducir *Con pólvora e magnolias*, un labor que iniciou xunta Manuel Outeiriño cando deixou Galicia e que chegou ás librarías en 1994 da man da editorial Hiperión, naceu o proxecto actual. "Hai tres anos que estaba listo e foi Juan Carlos Mestre [poeta berciano, premio Nacional en 2009 por *La casa roja*] quen mediou coa editorial Calambur", lembra, "así que a amizade aparece por todas partes".

Para Otero, tamén poeta e mantedora do blog *Isla Kokotero*, en *Poesía fundamental* -cuxo epílogo redactou Outeiriño baixo o título *Méndez Ferrín, poeta cimarrón*- "aparece un

poeta singular, pero tamén moitas outras cousas". "Non é poesía decorativa, senón que dá conta da vida e da humanidade", apón, antes de confesar que ela aprendeu a "ler a Ferrín grazas a Manolo [Outeiriño]; son poemas, algúns, moi escuros, difíciles para alguén que non é galego". A xornalista láíase das escasas traducións da obra de Méndez Ferrín e considera que "é duro de ler na súa propia lingua". E garda na memoria lectora unha analoxía co prologuista do volume: "Para min hai dous libros fundamentais en España, Con pólvora e magnolias e Descripción de la mentira, de Gamoneda. Os dous datan de 1976 e os dous tratan da loita, da esperanza, da mentira, da traizón".

Outeiriño resume axiña os obxectivos de traballar nesta Poesía fundamental. "Da mesma maneira que El Bardo traduciú a Celso Emilio nos sesenta e tivo lectores, Ferrín pode ter lectores en castelán", opina. Porque "a noticia" dos poemas traducidos dun home "non moi interesado na autopromoción" atópase, antes de máis, "en que difunde a un autor que eu creo que é moi interesante".

En español

- Fría Hortensia y otros cuentos. Dezaioito relatos traducidos por Moncha Fuentes, Xavier Rodríguez Baixeras e Celina Suso Pasquier. Editorial Alianza (1999)
- En el vientre del silencio. A súa novela de 1999, traducida por Moncha Fuentes. Editorial Txalaparta (2002)
- Amor de Artur. Libro de contos de 1982. Versión de Moncha Fuentes e Xavier Rodríguez Baixeras. Editorial Impedimenta (2009)
- Arraianos. Relatos de la Raya, tierra de nadie. Esta compilación de relatos, orixinal de 1991, apareceu en versión castelá de Luísa Castro. Editorial Ronsel (1994)
- Con pólvora e magnolias. O seu libro de poemas máis emblemático, de 1976, foi traducido por Manuel Outeiriño e Eloísa Otero. Hiperión (1994).
- Contra maquilero. O seu último libro de poemas, de 2005, tamén en versión de Outeiriño e Otero, publicouse na editorial Artes y Letras de La Habana (2008)